

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases subvencións a entidades sen fins de lucro para o exercicio económico 2026

EDICTO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo (A Coruña), en sesión ordinaria de 14 de maio de 2026, e a proposta de Alcaldía, aprobou as Bases da CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2026, así como os cinco (5) modelos para presentación de documentación. Estes modelos estarán dispoñibles na sede electrónica e na páxina web municipal bergondo.gal

BASES

1. FINALIDADE E OBXECTO

O fin destas bases é establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrência e igualdade, para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do concello de Bergondo.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, coas súas modificacións, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, as subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo ás partidas orzamentarias 341/482.00 e 334/482.00 do Orzamento municipal vixente para o ano 2026, e co límite da súa consignación orzamentaria ó efecto.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES

2.1. Os gastos subvencionados serán os realizados **entre o 1 xaneiro e 30 de novembro do ano 2026**, ámbolos dous inclusive.

2.2. Serán obxecto de subvención as actividades de tipo cultural, deportivo, formativo, etc, que se desenvolvan dentro do ámbito municipal, por exemplo:

- Dinamización da xuventude de Bergondo (cursos, charlas, actividades de verán, ocio e tempo de lecer, programas de inserción social, etc.)
- Promoción ou recuperación da cultura, historia e tradicións locais (festivais, festas populares, publicacións, certames, mostras, exposicións, etc.)
- Fomento das artes plásticas, audiovisuais, musicais ou escénicas (certames, mostras, exposicións, publicacións, festivais, concertos, cursos, etc.)
- Promoción do deporte, exercicio físico, coidado da saúde, etc. (competicións deportivas, conferencias ou cursos, sendeirismo, acampadas, etc.)
- Realización de actividades que fomenten a conciliación familiar e laboral.

2.3. Non serán obxecto de subvención:

- As actividades que se desenvolvan fora do termo municipal, agás aquelas realizadas como consecuencia de intercambios deportivos ou culturais, ou pola participación en campionatos e que teñan por fin un ou máis dos anteriormente mencionados.
- As actividades que se organicen conxuntamente co Concello de Bergondo. Sí están incluídas as actividades nas que colabore o concello.
- **Especificamente quedan excluídos:**
 - o Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

- o Os gastos derivados da adquisición, reparación ou mantemento de bens inmobles e mobles, consumo eléctrico, telefónico e similares.
- o Os bens mobles que non estean directamente relacionados coa actividade.
- o Os gastos das Comisións de Festas para a celebración de festas parroquiais.
- o Os gastos relacionados con comidas e similares (por exemplo as xuntanzas entre os membros da entidade), que non constitúan a actividade en si. Cando as comidas se merquen nun restaurante, cafetería, mesón, bar ou calquera outro local que sirva comidas, as facturas deberán conter especificamente que os produtos son “para levar”, non subvencionando as reunións celebradas nestes lugares.

Excepción: intercambios deportivos ou culturais onde sexa necesario ter gastos de manutención en función da duración dos mesmos. O límite do gasto subvencionado será de 0,26€/ km; e de 48,92€ en concepto de aloxamento e 28,21€ en concepto de manutención por cada socio/a asistente e día. En calquera caso haberá que presentar a/s factura/s, pagándose o importe menor.

- o Os gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde. Non se terá en conta na súa totalidade, a factura ou xustificante de gasto que conteña algún destes conceptos.
- o Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF)
- o Os gastos derivados das cotas á seguridade social, salvo que se presenten cos seguintes documentos de valor probatorio: nóminas e/ou TC correspondentes.

3.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Os fins indicados no anterior apartado efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista no seguintes preceptos:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local.
- Artigo 40.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización (BOP núm. 78 do 28.04.2015)

4.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS BENEFICIARIOS

4.1. Poderán solicitar subvencións as entidades públicas ou privadas, que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar incluídas no **Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (REMAV) do Concello de Bergondo**, ou polo menos ter feita a solicitude para a inclusión neste Rexistro en data anterior á solicitude da subvención. Non obstante, para resultar beneficiaria, será requisito imprescindible que no momento da concesión da subvención, a Asociación xa estea debidamente inscrita no REMAV.
- Carecer de ánimo de lucro.
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Bergondo ou de calquera outro organismo ou entidade dependente ou autónomo, correspondente ó exercicio económico de 2026, e para a mesma actividade, **o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.**
- Encontrarse ó corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.

- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Bergondo.
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.

4.2. Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido ese dereito, e especificamente o recollido no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- As entidades que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.
- As entidades que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

5.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención, en caso contrario, deberán renunciar expresa e motivadamente á mesma, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención.
- Realizar a actividade ou proxecto, ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Bergondo, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ó Concello de Bergondo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Neste sentido, as entidades solicitantes permitirán a consulta ao concello de Bergondo. No caso de que se opoñan a esa consulta, deberán acreditalo mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións.
- Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos, que os mesmos están subvencionados polo Concello de Bergondo, **tendo que presentar acreditación desta publicidade no momento da xustificación. Se non se acredita esta publicidade nunha actividade, perderá o dereito de percibir á subvención correspondente a esta actividade.**
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o exercicio de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 17 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, e artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- SOLICITUDES

6.1. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

As entidades que concorran á presente convocatoria deberán presentar os seguintes modelos normalizados:

Modelo 1: solicitude.

Modelo 2: designación de conta bancaria. Non será necesario adxuntalo se non sufriu modificacións.

Se a solicitude non reunise todo os datos de identificación da entidade solicitante ou de documentación administrativa obxecto da subvención solicitada, ou non se acompañase á mesma toda a documentación esixida nestas bases, requirirase á entidade solicitante para que repare a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, con apercibimento de que, se non o fixese, terase por desistida a súa petición, previa resolución, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e no artigo 23.5 da Lei 38/2003.

6.2. LUGAR DE PRESENTACIÓN

A través de medios electrónicos, conforme establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.3. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no extrato desta convocatoria que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

7.-CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

7.1 PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

- Tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), e o órgano competente para o seu outorgamento resolverá, previo informe do traballador encargado do expediente, proposta motivada da Comisión Técnica de Avaliación, e Informe dos Servizos Económicos, este último se procedese.
- A composición da Comisión Técnica de Avaliación será:
 - o Presidente/a (Alcaldesa ou persoa en quen delegue).
 - o Concelleira de Ensino, Cultura e Deportes ou persoa en quen delegue.
 - o Tres traballadores do concello, un deles actuando de Secretario da Comisión.
- A entidade que acade a puntuación máis elevada percibirá en total, como máximo, **3.000 euros**, sendo esta contía proporcionalmente menor para as restantes entidades, sempre en relación ós puntos acadados. Pode darse o caso de que varias entidades obteñan a mesma puntuación.
- A contía da subvención inicial é o resultado de dividir a suma das contías orzamentarias dispostas para estas subvencións (26.000€) entre o total dos puntos obtidos por todas as entidades en base aos criterios establecidos na base 7.2.
- Aplicando esta fórmula, nalgúns casos, hai que reducir o importe da subvención inicial para cumprir os diferentes requisitos especificados nas bases da convocatoria (por exemplo, para non percibir máis contía da que solicitaron, tendo en conta que é un criterio puntuable- base 3.b).
- Polo tanto, de acontecer o sinalado no apartado anterior, procede o reparto dese importe sobrance entre as restantes entidades beneficiarias, proporcionalmente á puntuación obtida e coas limitacións establecidas nas presentes bases.
- Con carácter xeral o importe da subvención solicitada será entre o 20% e o 80% do orzamento de gastos.

7.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos solicitantes:

CRITERIO	DENOMINACIÓN	QUÉ SE VALORA	PUNTOS MÁX.
1.a	Programación presentada a desenvolver durante o ano 2026	Capacidade de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais e finalistas.	20
1.b		Que sexa realista coas necesidades existentes no entorno.	20
1.c		Diversificación dos contidos nas actividades: culturais, educativos, deportivos, ocio....	20
2.a	Grao de implicación da entidade na parroquia ou no concello	Capacidade de promover á participación cidadá coas actividades programadas, reflectida no número de beneficiarios.	20
2.b		Colaboración con outras entidades, sexan deste ou doutros termos municipais no ámbito da Comunidade autónoma galega, na organización e posta en marcha de actividades.	10
2.c		Colaboración en actividades de carácter puntual organizadas polo Concello de Bergondo.	10
3.a	Plano económico	Coeficiente de financiamento: cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto de gastos presentados.	60
3.b		Esfuerzo económico no investimento: gastos efectuados polo conxunto das actividades presentadas, forma de financiamento, e contía da mesma (diferenza gastos e ingresos declarados/ total gastos declarados).	60
4.a	Complementariedade co concello no desenvolvemento das actividades non programadas por este e colaboración con outras entidades	Presentación de actividades que non programa o Concello de Bergondo. Teráanse en conta especialmente a realización de actividades que faciliten a conciliación familiar e laboral	20

Cociente de financiamento	Puntos
>/=20% - 30%	50-60
30% - 40%	40-50
40%-50%	30-40
50%- 60%	20-30
60%-70%	10-20
70%->/=80%	0-10

Diferenza gastos e ingresos declarados/ total gastos declarados	Puntos
>/=20% - 30%	50-60
30% - 40%	40-50
40%-50%	30-40
50%- 60%	20-30
60%-70%	10-20
70%->/=80%	0-10

7.3 NOTIFICACIÓN DO ACORDO DE RESOLUCIÓN

O acordo de resolución de concesión da subvención será notificado expresamente a tódolos solicitantes por medios electrónicos, a través da plataforma notifica.gal.

7.4 PUBLICIDADE

A relación das subvencións concedidas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Bergondo e da Sede electrónica municipal, así como na páxina web oficial do Concello de Bergondo, bergondo.gal, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiarios e contías percibidas, así como por calquera outro medio establecido legalmente. Daráselle tamén a publicidade esixida pola normativa de subvencións e transparencia.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

8. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto inicial. En ningún caso o importe da subvención solicitada poderá superar o 80% dos gastos da actividade.

O importe da subvención en **ningún caso** poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, **supere o custo total da actividade** a desenvolver pola entidade beneficiaria.

9.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

9.1. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación dos xustificantes rematará **improrrogablemente o 30 de novembro de 2026 (inclusive)**. Presentaranse a través de medios electrónicos, conforme establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.2 FORMA DA XUSTIFICACIÓN

As entidades presentarán o seguinte modelo normalizado:

- **Modelo 3:** xustificación da subvención.

E no caso de ser necesarios:

- **Modelo 4:** modelo de recibín para profesores e/ou monitores.

- **Modelo 5:** modelo para gastos de viaxe (so para as actividades que se desenvolvan fora do termo municipal, como consecuencia de intercambios deportivos ou culturais, ou pola participación en campionatos). Os **gastos de viaxe**, terán que vir **unidos ao xustificante da actividade**.

En todo caso, os gastos:

- Pagaranse en función dos km realizados a razón de 0,26 €/km, tendo sempre como límite o máximo do importe da factura presentada.
- O límite do gasto subvencionado será de 28,21€ en manutención e de 48,92€ por aloxamento por socio/a asistente e día. En todo caso haberá que presentar a factura, pagándose o importe menor.

Os xustificantes dos gastos para a realización das actividades subvencionadas, deberán corresponder necesariamente aos gastos ocasionados para o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, e non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos; neste sentido serán determinantes os **conceptos** que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos.

Os xustificantes presentados deberán ser por unha **contía global igual ou superior ao gasto a xustificar**, na forma que se dispón no presente artigo. A xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que se realicen toda as actividades para as que se solicita subvención, de non ser así reducirase a subvención no importe concedido para esa actividade non realizada.

O presuposto subvencionado a xustificar para poder cobrar a subvención, é o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

De non respectar o esforzo económico no investimento, tal e como figura recollido na base 7.2, unha vez comprobado o mesmo coa documentación presentada como xustificación, realizarase un novo cálculo, no caso de non coincidir, axustándose a contía da subvención en función do mesmo. Nunca se realizarán axustes no caso de que conleven un aumento na concesión da subvención inicial.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia con esta subvención, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

No caso contrario de que se xustifique:

- Gasto polo 100% aboarase a totalidade da subvención.
- Gasto inferior ó 100% e, polo menos do 50% aboarase a parte proporcional da subvención.
- Gasto inferior ó 50% do presuposto subvencionado a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade ningunha.

Os gastos acreditaranse:

a. Con carácter **xeral**, mediante **facturas** ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente. Presentaranse os documentos **orixinais**.

Elementos que deben incluírse nunha factura:

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF.
- Identificación da entidade, co CIF.
- Número de factura e data de emisión.
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desagreguen e se describan os conceptos desagregados.
- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente.

As facturas que non conteñan os elementos anteriores, non serán admitidas como xustificante de gasto.

b. **Para os gastos** pertencentes a **persoal** (profesores, conferenciantes, árbitros, adestradores, etc.), mediante o **Modelo de Recibín municipal** ou **nóminas**, orixinais ou fotocopias compulsadas, asinadas polo perceptor. Será obrigatorio presentar fotocopia do documento de identidade dos perceptores. **Terá que incluír a cantidade correspondente aos impostos que procedan (retención de IRPF e no seu caso do IVE), non sendo obxecto de subvención o IRPF.**

c. **Para os gastos de viaxe**, mediante o modelo para gastos de viaxe, xunto coa/s factura/s correspondente así como o xustificante da actividade.

Axuntarase ademais:

- Cargo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento tanto das facturas como dos recibos ou nóminas.

- Publicidade (folletos, carteis, notas de prensa, páxinas web, etc), deberán xuntar ademais algún exemplar impreso onde figure que o Concello de Bergondo subvenciona esa actividade.
- Reportaxe fotográfico das actividades realizadas.
- Certificación da entidade onde conste que as facturas empregadas como xustificantes de gasto son presentadas unicamente para xustificar a subvención do concello de Bergondo.

No caso de non acreditar estes extremos, non se considerarán os gastos debidamente xustificadas e non se terán en conta á hora de conceder a subvención final.

Cando unha entidade este exenta de IVE deberá incluírse certificado que acredite esta exención, manifestado por órgano competente.

En ningún caso admitiranse como xustificantes os das actividades relacionadas no apartado 2.3 das presentes bases.

10 CONTROL FISCAL E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

A xustificación presentada polos beneficiarios será remitida para a súa fiscalización á Intervención Xeral do Concello que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos recibidos nas actividades para as que foi concedida a subvención.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente á perda da subvención e, en consecuencia, ao non pagamento desta.

O Concello de Bergondo resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor e Intervención xeral.

O órgano municipal competente aprobará as **contías finais** a percibir polas entidades beneficiarias, previo informe do traballador encargado do expediente e dos Servizos Económicos, e Proposta motivada da Comisión Técnica de Avaliación; que poderán coincidir ou non coas anteriormente aprobadas, dependendo dos xustificantes dos gastos presentados. Este acordo final será debidamente notificado a cada unha das entidades.

Todo isto en consonancia co disposto no apartado 8 da presente convocatoria; e conforme aos termos establecidos no Capítulo V do Título I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral presupostaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; así como a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización (BOP núm. 78 do 28.04.2015)".

BASES

1. FINALIDAD Y OBJETO

El fin de estas bases es establecer los criterios y el procedimiento para conceder las subvenciones municipales, de acuerdo con los principios de publicidad, libre concurrencia e igualdad, para la realización de actividades que complementen o suplan a las atribuidas a la competencia municipal; o que en general contribuyan al fomento de los intereses generales o sectoriales del vecindario del ayuntamiento de Bergondo.

Conforme a lo dispuesto en la Ley 7/1985, de bases de régimen local, con sus modificaciones, en la Ley 5/1997, de la administración local de Galicia, en la Ley 38/2003, general de subvenciones y en el Real Decreto 887/2006 por lo que se aprueba su reglamento, en la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia y en el Reglamento de servicios de las corporaciones locales, con la finalidad de poder asignar los recursos necesarios a las prioridades señaladas, las subvenciones objeto de esta convocatoria se efectuarán con cargo a las partidas presupuestarias 341/482.00 y 334/482.00 del Presupuesto municipal vigente para el año 2026, y con el límite de su consignación presupuestaria al efecto.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES Y NO SUBVENCIONABLES

2.1. Los gastos subvencionados serán los realizados **entre el 1 enero y 30 de noviembre del año 2026**, ambos los dos incluidos.

2.2. **Serán objeto de subvención** las actividades de tipo cultural, deportivo, formativo, etc, que se desarrollen dentro del ámbito municipal, por ejemplo:

- Dinamización de la juventud de Bergondo (cursos, charlas, actividades de verano, ocio y tiempo de ocio, programas de inserción social, etc.)
- Promoción o recuperación de la cultura, historia y tradiciones locales (festivales, fiestas populares, publicaciones, certámenes, muestras, exposiciones, etc.)
- Fomento de las artes plásticas, audiovisuales, musicales o escénicas (certámenes, muestras, exposiciones, publicaciones, festivales, conciertos, cursos, etc.)
- Promoción del deporte, ejercicio físico, cuidado de la salud, etc. (competiciones deportivas, conferencias o cursos, senderismo, acampadas, etc.)
- Realización de actividades que fomenten la conciliación familiar y laboral.

2.3. No serán objeto de subvención:

- Las actividades que se desarrollen fuera del término municipal, excepto aquellas realizadas a consecuencia de intercambios deportivos o culturales, o por la participación en campeonatos y que tengan por fin uno o más de los anteriormente mencionados.
